

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1.^a,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 17.03.2017 Hora: 10:30

A Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 17 de marzo de 2017, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Elección da Presidencia

Punto 2. Preguntas orais en Comisión

- 2.1 2622 (10/POC-000328)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 4 máis
Sobre as medidas de colaboración e coordinación en materia de protección civil e emerxencias entre o Goberno galego e a Administración do Estado, o Principado de Asturias, Castela e León e Portugal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017
- 2.2 4301 (10/POC-000737)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e Vilán Lorenzo, Patricia
Sobre as sentenzas xudiciais referidas a diversos procesos selectivos de persoal para o ingreso no emprego público da Comunidade Autónoma
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 63, do 09.02.2017
- 2.3 4924 (10/POC-000854)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e 13 máis
Sobre as razóns do aumento que presenta a temporalidade laboral entre as persoas que traballan para as administracións públicas de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70, do 21.02.2017
- 2.4 5545 (10/POC-000969)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia da formación específica ofertada e impartida pola Academia Galega de Seguridade en

materia de igualdade e violencia de xénero, así como as actuacións previstas ante o aumento das demandas e das intervencións da Policía local neste eido

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 76, do 02.03.2017

Punto 3. Proposicións non de lei en Comisión

- 3.1 781 (10/PNC-000062)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a elaboración polo Goberno galego dun plan de retorno a Galicia das persoas galegas emigradas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 15, do 16.11.2016
- 3.2 834 (10/PNC-000072)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Díaz Mouteira, María Sol e 5 máis
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de reducir o consumo enerxético, minimizar a emisión de gases de efecto invernadoiro e acadar o mellor aproveitamento posible das enerxías renovables nos edificios administrativos e xudiciais da Xunta de Galicia.
(Procedemento de urxencia)
Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG n.º 10, do 09.11.2016
- 3.3 3232 (10/PNC-000319)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación co auto ditado pola Audiencia Nacional respecto da organización Causa Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 48, do 19.01.2017
- 3.4 3905 (10/PNC-000361)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e Vilán Lorenzo, Patricia
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun programa de mellora dos seus indicadores de transparencia e bo Goberno, en especial na área de



ordenación do territorio, urbanismo e obras públicas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 57, do 01.02.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2017

Aurelio Alfonso Núñez Centeno
Presidente da Comisión

Composición de órganos

Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Mesa

Vicepresidenta

María Julia Rodríguez Barreira P

Secretaria

Patricia Vilán Lorenzo S

Outros membros

Vogal

Xosé Luís Bará Torres BNG

Juan Manuel Díaz Villoslada S

César Manuel Fernández Gil P

Jacobo Moreira Ferro P

María Isabel Novo Fariña P

Aurelio Alfonso Núñez Centeno P

José Alberto Pazos Couñago P

Paula Prado del Río P

Carmen Santos Queiruga EM

Luis Villares Naveira EM

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 17.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Elección da Presidencia

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 17.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 17.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 2622(10/POC-000328)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 4 máis

Sobre as medidas de colaboración e coordinación en materia de
protección civil e emerxencias entre o Goberno galego e a
Administración do Estado, o Principado de Asturias, Castela e
León e Portugal

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, César Fernández Gil, María Antón Vilasánchez, Julia Rodríguez Barreira e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O artigo 12 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia establece que desde o goberno autonómico promoveranse as fórmulas de cooperación transrexional e transfronteiriza que resulten precisas para a prevención dos riscos e a xestión das emerxencias comúns nestes ámbitos.

A resposta inmediata ás emerxencias é o punto crítico de todo sistema de protección civil, especialmente cando se trata de emerxencias en áreas transrexionais ou transfronteirizas que requiren de mecanismos de coordinación entre os medios de diferentes rexións ou países.

Por iso é necesario desenvolver mecanismos de coordinación entre os diferentes centros de atención a emerxencias e os servizos de intervención e asistencia de cada zona, co fin de que poidan estruturarse racionalmente protocolos de actuación e dar unha resposta rápida, coordinada e eficiente ante unha emerxencia, seguindo deste xeito as referencias que a propia lei 17/2015 do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil fai a colaboración interadministrativa.

Os riscos non entenden de fronteiras e existe unha especial incidencia dos incendios forestais, inundacións, afogamentos e accidentes ferroviarios e nas estradas nas áreas próximas a Portugal e Castela León.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas de colaboración e coordinación en materia de protección civil e emerxencias existen entre o goberno galego e a administración do Estado, o Principado de Asturias, Castela e León e Portugal?

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/12/2016 11:19
Nº Rexistro: 2622**
Data envío: 27/12/2016 11:19:02.414

Paula Prado Del Río na data 27/12/2016 11:12:33

César Manuel Fernández Gil na data 27/12/2016 11:12:44

Maria Antón Vilasánchez na data 27/12/2016 11:12:47

María Julia Rodríguez Barreira na data 27/12/2016 11:12:53

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 27/12/2016 11:13:07

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 17.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 4301(10/POC-000737)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre as sentenzas xudiciais referidas a diversos procesos selectivos de persoal para o ingreso no emprego público da Comunidade Autónoma

Publicación da iniciativa, 63, 09.02.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Juan Manuel Díaz Villoslada e Patricia Vilán Lorenzo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

"O resultado é sangrante. Temos dun lado, unha recorrente que se esforza en demostrar con alegacións e omisións clamorosas do expediente, unha especie de conxura do Tribunal cualificador con burla das bases da convocatoria para desprazar ao segundo exercicio a funcionalidade selectiva, real e decisiva, mediante o cómodo artificio de declarar tantos aprobados no último exercicio como prazas convocadas... polo patente panorama indiciario de maquiñación evidenciado pola demandante..."

Estas, e outras, son algunhas das conclusións que recolle a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) ditada con data 26 de setembro de 2016 no recurso contencioso-administrativo 656/2011 interposto contra as decisións contidas na resolución do 15 de outubro de 2010 do tribunal cualificador do proceso selectivo para o ingreso no Corpo Superior de Administración da Xunta de Galicia, subgrupo A1, quenda libre, convocado pola Orde do 18 de xullo de 2008.

Sentenza que tivo que ditar o TSXG como resultado da ditada neste asunto polo Tribunal Supremo (TS) o 26 de outubro de 2015, que observa nos seus fundamentos xurídicos unha serie de defectos procedimentais no sinalado proceso selectivo, como a ausencia de notas parciais dos membros do tribunal, o que produce a indefensión do recorrente, a ausencia de criterios obxectivos sobre a solución acordada polo tribunal cualificador, o modo de calcular a puntuación media, a aplicación concreta dos criterios de corrección de cada exame ou unhas mínimas xustificacións ou razoamentos que permitan coñecer os motivos que levaron aos membros do tribunal a dar as notas.

A lectura literal dos fundamentos xurídicos e as conclusións tanto do TS como do TSXG respecto das incidencias deste proceso selectivo son o suficientemente graves como para poñer de manifesto un proceder inaceptable tanto do propio tribunal cualificador como da Dirección Xeral de Función Pública (Consellería de Facenda), que atenta aos principios constitucionais de mérito, igualdade e



Grupo Parlamentario

capacidade no ingreso no emprego público e deteriora de forma clara a confianza da sociedade no funcionamento dos sistemas selectivos na Administración Pública. É máis, estas sentenzas deben dar lugar á correspondente esixencia de responsabilidade.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Non obstante, lonxe de tratarse dun suposto illado que debe de ser reparado na correspondente execución de sentenza, novos pronunciamentos xudiciais están a manifestar que nos atopamos ante unha problemática xeral no actuar da Xunta de Galicia en materia de procesos de ingreso no emprego público da Comunidade Autónoma.

A recente sentenza tamén do TSXG ditada o 19 de outubro de 2016 sobre a resolución tamén da Consellería de Facenda do 10 de decembro de 2014 no proceso selectivo para o ingreso no Corpo de Axudantes Facultativos da Xunta de Galicia, subgrupo C1, escala de delineantes, tamén incide nesta problemática "dado o cúmulo de irregularidades cometidas..."

Ou a sentenza do pasado 5 de decembro de 2016 do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 2 de Pontevedra que anula o procedemento de selección do posto de xefe do servizo de Psiquiatría do Complexo Hospitalario de Pontevedra que tivo lugar en 2012, que evidencia un procedemento viciado e tendencioso por parte da Xerencia do CHOP.

A este conxunto de fallos xudiciais que están poñendo en evidencia a imparcialidade, a obxectividade e a seguridade xurídica dos procedementos de selección de persoal que durante estes últimos anos está desenvolvendo a Administración autonómica, únese a nova posición xurisprudencial que se está a consolidar na materia, de forma que a concepción da discrecionalidade técnica da que gozan os tribunais de selección ten quedado obsoleta; os tribunais de xustiza permiten, esixen, un maior control, reducindo os espazos inmunes. Non se está revisando o núcleo material da decisión, é dicir, o estrito ditame ou xuízo de valor técnico, senón fiscalizando os denominados "arredores", as actividades preparatorias ou instrumentais que rodean a ese estrito xuízo técnico para facelo posible e, doutra banda, as pautas xurídicas que tamén son esixibles a ditas actividades.



Grupo Parlamentario

Ante este novo criterio xurisprudencial que incrementa as garantías de control xudicial nos procesos de selección, e considerando os numerosos procesos que xestiona a Consellería de Facenda que se están a anular polos tribunais de xustiza, as centrais sindicais CIG, CCOO, CSIF e UGT veñen demandando da Dirección Xeral de Función Pública que se retomen as negociacións paralizadas desde marzo de 2016 para a elaboración de novas Instrucións de funcionamento e actuación dos tribunais de selección, mesmo coa incorporación da figura do "observador da legalidade", xa implantada noutras administracións públicas.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta oral.

1ª) Que valoración fai a Xunta de Galicia sobre os procesos selectivos referidos anteriormente á vista das sentenzas recaídas sobre deles?

2ª) Que procesos selectivos convocados pola Xunta de Galicia se encontran actualmente recorridos perante a Xurisdición Contencioso-Administrativa?

3ª) Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para adaptar os criterios de actuación dos seus tribunais de selección aos novos criterios xurisprudenciais?

4ª) Ten previsto a Xunta de Galicia retomar na Mesa Xeral de Negociación de Emprego Público a negociación de novas Instrucións do tribunais de selección interrompida en marzo de 2016?

Pazo do Parlamento, 30 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 31/01/2017 12:20:39

Patricia Vilán Lorenzo na data 31/01/2017 12:20:52

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 17.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 4924(10/POC-000854)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e 13 máis

Sobre as razóns do aumento que presenta a temporalidade
laboral entre as persoas que traballan para as
administracións públicas de Galicia

Publicación da iniciativa, 70, 21.02.2017

Manuel Lago Peñas, Carmen Santos Queiruga, Luca Chao Pérez, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Luís Villares Naveira, Magdalena Barahona Martín, Antón Sánchez García e Francisco Casal Vidal, deputados e deputadas do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión.**

Os datos recollidos na Enquisa de Poboación Activa (EPA), que vén de publicar o Instituto Galego de Estatística (IGE), reflicten unha evolución moi negativa e preocupante sobre a elevada temporalidade que sofren as persoas que traballan no sector público en Galicia.

A taxa de temporalidade das persoas asalariadas do sector público acadou no cuarto trimestre de 2016 un valor excepcionalmente alto: o 24,5% das persoas que traballan para as administracións públicas son temporais, ou dito de xeito máis gráfico, un de cada catro empregadas e empregados públicos ten un contrato de duración determinada.

Aumenta a taxa de precariedade por dous motivos: redúcese o número de persoas con contrato indefinido mentres que aumenta o número de empregados públicos precarios. Son os dous motivos, non que aumente máis o emprego temporal senón que o emprego estable está caendo nos últimos anos en valores absolutos.

Dende o cuarto trimestre de 2013 o número de persoas empregadas nas diferentes administracións públicas en Galicia cun contrato temporal aumentou en 10.000 mentres que as que teñen un contrato indefinido caeron en 13.000 empregos: hai menos emprego público e, ademais, é de peor calidade.



Aumentan os temporais e caen os indefinidos, o que provoca un incremento da taxa de temporalidade, que pasou do 18,5% no cuarto trimestre de 2013 ao 24,5% no mesmo período de 2016: un incremento de seis puntos que equivale a un crecemento desmesurado da temporalidade do 33% en apenas 3 anos.

As administracións públicas non cobren as súas necesidades, derivadas, en moitos casos, da xubilación dos empregados indefinidos, con contratos estables ou con ofertas públicas de emprego (OPE) e iso provoca o aumento tan acelerado da temporalidade, situando a taxa case ao mesmo nivel que no sector privado, apenas dous puntos por baixo.

A responsabilidade da Xunta de Galicia é obvia nesta cuestión, en especial porque a taxa de temporalidade do emprego público é maior en Galicia que en España: no final de 2016 a taxa aquí é do 24,5% mentres que a media do Estado é do 22,8%, case dous puntos menos.

Aínda por riba, a evolución é moito peor en Galicia dende o ano 2013, porque no cuarto trimestre dese ano a taxa en Galicia era do 18,5% fronte o 19,9% de media estatal. En apenas tres anos pasamos de ter unha taxa inferior en 1,4 puntos á media española a estar 1,7 puntos por riba, o que supón un grave deterioro de máis de tres puntos en contra da estabilidade laboral do emprego público no noso país en comparación co Estado.

Polo exposto, presentase a seguinte pregunta:

- Como explica o Goberno o aumento disparado da temporalidade laboral entre as persoas que traballan para as administracións públicas en Galicia?

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 13/02/2017 12:10:28

Eva Solla Fernández na data 13/02/2017 12:10:39

Paula Vázquez Verao na data 13/02/2017 12:10:46

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 13/02/2017 12:10:50

Juan José Merlo Lorenzo na data 13/02/2017 12:10:54

Carmen Santos Queiruga na data 13/02/2017 12:10:58

Antón Sánchez García na data 13/02/2017 12:11:02

Luca Chao Pérez na data 13/02/2017 12:11:06

Paula Quinteiro Araújo na data 13/02/2017 12:11:10

Luis Villares Naveira na data 13/02/2017 12:11:14

Magdalena Barahona Martín na data 13/02/2017 12:11:19

Francisco Casal Vidal na data 13/02/2017 12:11:23

David Rodríguez Estévez na data 13/02/2017 12:11:28



Marcos Cal Ogando na data 13/02/2017 12:11:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/02/2017 13:11
Nº Rexistro: 4924
Data envío: 13/02/2017 13:11:08.501

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 17.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 5545(10/POC-000969)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia da formación específica ofertada e impartida pola Academia Galega de Seguridade en materia de igualdade e violencia de xénero, así como as actuacións previstas ante o aumento das demandas e das intervencións da Policía local neste eido

Publicación da iniciativa, 76, 02.03.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5545
Data envío: 22/02/2017 18:34:13.091

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª**, relativa á formación específica de igualdade e violencia machista da Academia Galega de Seguridade Pública

O pasado venres 17 de febreiro aparecía publicada no Diario Oficial de Galiza a resolución do 16 de febreiro de 2017 pola que se convocan cursos de formación continua para o persoal da seguridade pública que traballa en Galicia. Isto débese a que unha vez aprobado o programa anual de actividades para o ano 2017 da Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp) polo Consello Reitor na súa xuntanza do 15 de febreiro de 2016, de acordo co establecido no artigo 9.2.b) da Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Agasp, convócanse os cursos de formación continua dirixidos ao persoal de policía local de Galiza correspondentes ao primeiro semestre do ano 2017.

Na citada publicación do DOG especificanse as bases e características desta formación. Neste sentido, comparando coa oferta formativa correspondente ao ano 2016 chama a atención o aumento do número de cursos, de 40 a 47. Máis concretamente, resulta alarmante que malia o incremento de cursos a oferta de formación específica en igualdade e atendimento á violencia de xénero pasa de dous cursos a un só curso.

Na Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Agasp contéplase no Artigo 3 de Fins que a Academia Galega de Seguridade Pública orientará a súa actuación ao “enriquecemento do capital humano dos servizos de seguridade pública mediante a súa capacitación a través da formación, a innovación e a excelencia.” así como o



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5545
Data envío: 22/02/2017 18:34:13.091

“compromiso de xerar e transferir as bases de coñecemento para a mellora das políticas en materia de seguridade pública”. A loita contra a violencia machista é unha tarefa colectiva que debe implicar a todos os axentes sociais e profesionais. Entre estes últimos ten un papel particular o que poden exercer todos os corpos vinculados á seguridade da veciñanza, por ser unha ferramenta achegada a ella, por ser un recurso ao que calquera vítima de violencia machista ou persoa coñecedora dalgunha situación de violencia pode acudir e por ser unha ferramenta de intervención diante desta lacra.

Así mesmo, na propia Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero aparece na disposición adicional segunda contéplase “O Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización e actualización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencias na materia obxecto desta lei, que sirvan de canle de actuación e colaboración para conseguir, nos ámbitos policial, sanitario, social, xudicial, laboral, educativo e de investigación, unha atención e asistencia integral e coordinada ás mulleres que sofren violencia de xénero”. Por todos estes motivos aquire especial importancia garantir a formación específica dos e das profesionais que son susceptíbeis de acollerse á formación impartida pola Axencia Galega de Seguridade Pública.

Por todo isto, fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 1ª:

-Considera o goberno galego que a formación específica en materia de prevención e atención da violencia machista para as e os profesionais que traballan na seguridade pública de Galiza é suficiente?



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5545
Data envío: 22/02/2017 18:34:13.091



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera suficiente o número de horas impartidas en materia de prevención e tratamento de violencia machista?

-Como valora a insuficiencia de contidos transversais nos outros cursos ofertados?

-Que ten previsto facer o goberno galego diante do aumento de denuncias e intervencións por parte da policía local canto a situacións de violencia machista para garantir o éxito da atención e actuacións neste campo e a formación do persoal?

Santiago de Compostela, 22 de febreiro de 2017

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ana Belén Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/02/2017 18:33:40

Ana Pontón Mondelo na data 22/02/2017 18:33:44



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2017 09:30
Nº Rexistro: 5545

Data envío: 22/02/2017 18:34:13.091

María Montserrat Prado Cores na data 22/02/2017 18:33:48

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/02/2017 18:33:49

Olalla Rodil Fernández na data 22/02/2017 18:33:50

Xosé Luis Bará Torres na data 22/02/2017 18:33:52

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 17.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 17.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.1 781(10/PNC-000062)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun plan de retorno a
Galicia das persoas galegas emigradas

Publicación da iniciativa, 15, 16.11.2016



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, a través do seu voceiro, **Luís Villares Naveira**, e por iniciativa das súas deputadas **Luca Chao Pérez** e **Ánxeles Cuña Bóveda**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate na **Comisión 1.ª**, a prol dun plan de retorno para facilitar a volta á casa dos galegos e as galegas emigradas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise económica que vimos padecendo nos últimos anos ven acompañada, no noso país, dunha realidade demográfica dramática. Día a día, Galicia mingua e avelléntase, isto é, cada vez somos menos e máis vellos, o que pon en risco o propio equilibrio demográfico pero tamén a sustentabilidade do sistema de servizos públicos.

Dende o inicio da crise económica Galicia pasou de ser un país de inmigración, a un país que novamente expulsa emigrantes. Deste xeito, dende 2008, perdemos 234.740 persoas que se viron obrigadas a marchar para buscar un futuro noutros lugares. Este número de saídas poboacionais non só esconde un sen número de dramas familiares, tamén afonda na crise demográfica que padece o noso país. Dende 2010, Galicia rexistrou unha perda de poboación continuada. Nestes cinco anos a nosa poboación caeu nun 2,24%, o que implica que, de manterse a tendencia, nos próximos 5 anos acumularemos unha perda de case un 5% da poboación.

Falamos de xente que ten que marchar porque non ten oportunidades laborais dignas no noso país, xente moza obrigada a emigrar ante a realidade do paro e



da precariedade laboral. Os últimos datos oficiais alertan de que dende o inicio da crise, marcharon de Galicia 103.092 mozos e mozas de entre 16 e 34 anos.

Entre eles, contamos cun número moi elevado de investigadores e investigadoras que ante a situación de recortes permanentes en I+D+i en Galicia se viron forzados a nutrir os planteis de universidades estranxeiras.

É preciso mudar esta tendencia, e facer todos os esforzos posibles para recuperar á xente que temos fóra. Non podemos permitir seguir hipotecando o futuro do noso país mandando á emigración á xeración máis nova.

Ante esta situación consideramos urxente atender as demandas das galegas e os galegos emigrados que desexen retornar. Por iso, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.^a.

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Elaborar un plan de retorno para facilitar a volta a casa dos galegos e as galegas emigradas que garanta, nun prazo non superior a 6 meses, a integración das persoas retornadas restablecendo inmediatamente os seus dereitos sociais, sen que se lles poida esixir un período mínimo de residencia.
2. Devolver de maneira inmediata a tarxeta sanitaria a aquelas persoas emigradas que lles fose retirada.
3. Adoptar as medidas necesarias para eliminar os obstáculos que dificultan ás galegas retornadas o acceso ás bolsas de traballo, ás prestacións e beneficios sociais existentes.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2016 10:30
Nº Rexistro: 781
Data envío: 07/11/2016 10:30:39.439



4. Facilitar o acceso á vivenda de protección social, pisos tutelados, axudas para o alugueiro e adquisición da primeira vivenda dos retornados.
5. Desenvolver un programa específico de retorno do talento científico emigrado que contemple maiores investimentos en investigación e innovación e posibiliten o desenvolvemento das carreiras científicas no noso país.

Santiago de Compostela, 4 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 07/11/2016 10:28:58

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 07/11/2016 10:29:06

Luis Villares Naveira na data 07/11/2016 10:29:18

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 17.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.2 834(10/PNC-000072)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Díaz Mouteira, María Sol e 5 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de reducir o consumo enerxético, minimizar a emisión de gases de efecto invernadoiro e acadar o mellor aproveitamento posible das enerxías renovables nos edificios administrativos e xudiciais da Xunta de Galicia. (Procedemento de urxencia)

Publicación iniciativa carácter urxencia, 10, 09.11.2016



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2016 16:30
Nº Rexistro: 834
Data envío: 07/11/2016 14:12:51.059

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **María Sol Díaz Mouteira, Cesar Fernández Gil, Ignacio López-Chaves Castro, Paula Prado del Río, Antonio Rodríguez Miranda e Miguel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto nos artigos 160, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión.

Exposición de motivos:

A Xunta de Galicia desenvolveu a Estratexia Integral de Impulso da Biomasa 2014-2020 ao comprobar a conveniencia de fomentar a utilización da biomasa por tratarse dun combustible autóctono, menos contaminante e que permite colaborar ao desenvolvemento do tecido empresarial de Galicia e á redución dos incendios forestais.

En coordinación co anterior, o 13 de novembro de 2015 o Consello da Xunta de Galicia aprobou a Estratexia de aforro e eficiencia enerxética no Sector Público Autonómico de Galicia 2015-2020.

De acordo cos pasos que está a dar a Xunta de Galicia no impulso da eficiencia enerxética, considérase necesario que se estendan estas medidas á mellora da eficiencia enerxética dos edificios administrativos e xudiciais da Xunta de Galicia.

Cabe salientar que este tipo de medidas adoptadas pola Administración Pública, ademais de servir para lograr o obxectivo principal de reducir o consumo enerxético e as emisións de CO₂, tamén teñen un compoñente de exemplaridade de cara a sociedade.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte Proposición non de Lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar avanzando na implantación de medidas de eficiencia enerxética nos edificios administrativos e xudiciais da Xunta de Galicia, co fin de reducir o consumo enerxético, minimizar a emisión de gases de efecto invernadoiro e acadar o mellor aproveitamento posible das enerxías renovables, redundando todo elo nunha mellora da sostibilidade ambiental dos inmobles da Xunta de Galicia”.

Santiago de Compostela 07 de novembro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/11/2016 14:03:14

María Sol Díaz Mouteiro na data 07/11/2016 14:04:33

César Manuel Fernández Gil na data 07/11/2016 14:05:34

Ignacio Javier López-Chaves Castro na data 07/11/2016 14:05:45

Paula Prado Del Río na data 07/11/2016 14:06:11

Antonio Rodríguez Miranda na data 07/11/2016 14:06:32

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 07/11/2016 14:06:45

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 17.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.3 3232(10/PNC-000319)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao
Goberno central en relación co auto ditado pola Audiencia
Nacional respecto da organización Causa Galicia

Publicación da iniciativa, 48, 19.01.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 13:57
Nº Rexistro: 3232
Data envío: 12/01/2017 13:57:41.218

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Ana Belén Pontón Mondelo**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O 29 de outubro de 2015 a Audiencia Nacional puxo en marcha un operativo policial, mediático e xudicial contra o independentismo galego, a Operación Jaro, baseado na idea falsa de que a organización Causa Galiza actuaba como brazo político dunha suposta organización armada. A acusación susténtase sobre probas tan pouco consistentes como as de organizar actos de memoria histórica da loita independentista e as homenaxes aos mártires de Carral de 1846.

2. A Operación Jaro é un exemplo claro da utilización da xustiza (Audiencia Nacional), das forzas policiais e da administración do Estado para perseguir ideas políticas, en concreto para perseguir o independentismo político galego. Todo o operativo policial e xudicial -e o aparato mediático paralelo- non deu lugar á localización de probas da comisión de ningún delito; pola contra, puxo de manifesto a intención de investigar, perseguir e criminalizar a actividade política independentista. É así como se decretou a ilegalización de facto de Causa Galiza (suspensión catelar de actividades) e o procesamento de nove militantes baixo a acusación falsa de seren o “brazo político” dunha suposta organización armada sen armas.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 13:57
Nº Rexistro: 3232
Data envío: 12/01/2017 13:57:41.218

3. Esta utilización espúrea e antidemocrática do aparato do Estado para perseguir ideas políticas tamén deu lugar á citación en período preeleitoral de dirixentes do BNG, coa intención manifesta de danar ao nacionalismo galego establecendo malévolas conexións entre a defensa do autogoberno e a soberanía nacional e a violencia.

4. A ilegalización da organización Causa Galiza é un acto antidemocrático xa que máis alá de poñer fóra da lei unha organización política, supón a persecución e prohibición das ideas que defende, isto é, o dereito democrático de organización do independentismo galego.

5. Un numeroso grupo de entidades e persoas de Galiza e de fóra do noso país posicionáronse públicamente en contra da ilegalización de Causa Galiza e esixindo o arquivo do proceso aberto contra nove independentistas. Mais alá das diferenzas políticas e ideolóxicas, desde o BNG compartimos esta posición e denunciámos calquera intento de persecución institucional de ideas políticas democráticas, calquera tentativa de criminalización de dereitos fundamentais.

6. O pasado mes de decembro de 2016 , a Audiencia Nacional deixou senn efecto a ilegalización de facto de Causa Galiza (suspensión cautelar de actividade). A pesar deste recoñecemento implícito da falta de base para a acusación, o tribunal mantén o procesamento de nove mltitantes da organización baixo a acusación de integración en banda armada e enaltecemento do terrorismo. Resulta cando menos paradoxal que se asuma a legalidade da organización e se manteña unha acusacion tan grave contra militantes da mesma.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 13:57
Nº Rexistro: 3232
Data envío: 12/01/2017 13:57:41.218

“O Parlamento de Galiza insta ao goberno galego a que se dirixa ao goberno do Estado para

1. Condenar a ilegalización de Causa Galiza e a utilización do aparato institucional para a persecución de ideas políticas democráticas.

2. En coherencia co auto dictado o pasado mes de decembro, solicitar o arquivo da causa aberta contra nove militantes da organización”.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2017 13:57:01

Olalla Rodil Fernández na data 12/01/2017 13:57:08



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/01/2017 13:57
Nº Rexistro: 3232
Data envío: 12/01/2017 13:57:41.218

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/01/2017 13:57:13

María Montserrat Prado Cores na data 12/01/2017 13:57:16

Noa Presas Bergantiños na data 12/01/2017 13:57:18

Ana Pontón Mondelo na data 12/01/2017 13:57:22

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 17.03.2017 Hora: 10:30

Orde do día

3.4 3905(10/PNC-000361)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dun programa de mellora dos seus indicadores de transparencia e bo Goberno, en especial na área de ordenación do territorio, urbanismo e obras públicas

Publicación da iniciativa, 57, 01.02.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa do seu deputado, Juan Manuel Díaz Villoslada, e da súa deputada, Patricia Vilán Lorenzo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

Como sinala a exposición de motivos da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, os mecanismos de transparencia e bo goberno funcionan como contrapesos que garanten a protección da cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido dos cartos ou patrimonio públicos. As incompatibilidades das persoas que exerzan altos cargos, a publicidade das actividades do Goberno e o exame cidadán de toda esta información supoñen mecanismos de control e de limitación do poder estatal perante as liberdades civís.

Galicia foi pioneira en España en poñer en marcha os necesarios compromisos de transparencia coa aprobación da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración Pública galega. Novas esixencias sectoriais e o novo marco estatal de carácter básico determinado pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, deron lugar á nova Lei de Galicia 1/2016, que declara a importancia non só dos contidos ofertados senón da súa calidade, en materia de información institucional, de relevancia xurídica ou en materias como as relacións coa cidadanía, contratación pública, convenios, persoal, patrimonio ou información económica e orzamentaria.

Sen prexuízo das competencias que a dita Lei 1/2016 lle outorga ao Valedor do Pobo como Comisionado de Transparencia para o control do cumprimento das obrigas establecidas no título I da Lei, en materia de boas prácticas de goberno e transparencia pública hai que ter en conta as avaliacións e recomendacións de institucións e organismos independentes e especializados, coadxuvando así de forma obxectiva a avanzar na confianza cidadá no exercicio do poder público.



Grupo Parlamentario

En decembro de 2016 *Transparencia Internacional España*, referencia do nivel de transparencia da Comunidade Autónoma que incorpora o propio Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, vén de presentar o último Índice de Transparencia das Comunidades Autónomas (INCAU 2016), que sitúa a Galicia no posto 13 das 17 comunidades. Este índice 2016 aínda non figura dispoñible no portal autonómico.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Como dato positivo, Galicia acada unha posición alta en (C) transparencia económico-financieira e (F) acceso á información, pero resulta rechamante a posición tan baixa que obtén nas outras catro áreas das seis avaliadas: (A) información sobre a comunidade autónoma, (B) participación cidadá, (D) contratacións, convenios, subvencións e custos dos servizos e (E) ordenación do territorio, urbanismo e obras públicas; área esta última, de especial sensibilidade, onde Galicia figura no penúltimo lugar.

Chama tamén a atención, a pesar do reiterado compromiso do Goberno galego na materia, que Galicia ten descendido na súa puntuación nesta avaliación desde o INCAU 2014 ao 2016; unicamente outras tres comunidades baixaron na súa avaliación. O resto, loxicamente, progresaron.

Pero ademais o INCAU 2016 incluíu de xeito experimental, en consonancia cos criterios e principios de publicidade activa recollidos na Lei 19/2013, unha avaliación cualitativa sobre un conxunto de dez indicadores seleccionados dos oitenta que contén o índice, estando clasificadas en A as comunidades mellor valoradas e en D as peores. Galicia obtén unha valoración C, unicamente aceptable, sendo en xeral mellorable o nivel de calidade media mostrada nos indicadores de referencia.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presentan a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que poña en marcha, con carácter urxente, un programa de mellora dos seus indicadores de transparencia e bo goberno, con especial atención na área de ordenación do territorio, urbanismo e obras públicas.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 13:11
Nº Rexistro: 3905
Data envío: 23/01/2017 13:11:56.631



Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 20 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 23/01/2017 12:03:33

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/01/2017 12:03:49

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/01/2017 12:04:01